

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 4 DE FEBREIRO DE 2021.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas e dous minutos do día catro de febreiro de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA (auséntase da sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA (auséntase da sesión no momento que se expresa na presente acta)

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión:

D^a SUSANA AMOR FERNÁNDEZ (do grupo político PSdeG-PSOE)
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA (do grupo político do BNG)

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA EN DATA 26/11/2020.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data vinte e seis de novembro de dous mil vinte, da que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data vinte e seis de novembro de dous mil vinte, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria de data vinte e seis de novembro de dous mil vinte.

2.- PROPOSTA SOBRE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADICIONAL 1/2021" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e un, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión extraordinaria de data un de febreiro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

"O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión vinte e sete de novembro de dos mil vinte, acordou a aprobación das bases reguladas do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2021) no que a este Concello lle corresponden 1.186.860,93€

Achega provincial 2021	474.195,49 €
Achega provincial 2020	599.761,75 €
Préstamo provincial 2021	112.903,69 €

En base a todo o cal, proponse ao Pleno, a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

Capítulo II	Capítulo VI	Total
-------------	-------------	-------

Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	474.195,49 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	474.195,49 €

C.I.F. P-1503100-H

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibiles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
MEJORA DE LA INTERSECCION DE LA ANTIGUA N-550 EN EL P.K.5+000 CON LA RUA ALEJANDRO PEREZ LUGIN (VP-357), LA RUA SENRA (VP_73) Y LA AVDA. CORDEDA (VP-61)	568.277,71 €	0,00 €	568.277,71 €
MELLORAS NA ESTRADA DE FOLGUEIRA A VINSEIRA (VP-480). CONCELLO DE CULLEREDO	31.484,04 €	20.786,13 €	52.270,17 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	599.761,75 €	20.786,13 €	620.547,88 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00 €

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0,00 €		0,00 €
	Achega 2021	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	474.195,49 €		474.195,49 €
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00 €		0,00 €
C- INVERSIONES	Achega 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2020	599.761,75 €	20.786,13 €	620.547,88 €
D- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2021	0,00 €		0,00 €
TOTAL	Achega 2021	474.195,49 €		474.195,49 €
	Achega 2020	599.761,75 €	20.786,13 €	620.547,88 €
	Préstamo 2021	0,00 €		0,00 €
	TOTAL	1.073.957,24 €	20.786,13 €	1.094.743,34 €

C.I.F. P-1503100-H

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE TARRIO	695.539,80 €
TOTAIS	695.539,80 €

3.- Declarar que o concello comprométese a realizar cantas actuacións sexan necesarias para ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Constan no expediente informes verbo dos proxectos (códigos documento UAU12I00CS, UAU13I02G2 e UAU15I00OZ) e xurídicos (códigos de documento UAJ12I0061, UAJ15I000T e UAJ15I000X, este último de carácter desfavorable.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o Pleno da Deputación aprobou o Plan Único de Concellos POS+ 2021 polo que se propón ao pleno municipal a aprobación do seguinte acordo:

Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican:

- Mellora da intersección da antiga N-550 no P.K. 5+000 coa rúa Alejandro Pérez Lugín, a rúa Senra e a avda de Cordeda, por importe de 568.277,71 euros.
- Melloras na estrada de Folgueira a Vinseira, por un importe de 52.270,17 euros

Di que para gasto corrente contéplase a cantidade de 474.195,49 euros e, a maiores, establécese tamén a execución da rehabilitación e acondicionamento da polideportiva municipal de Tarrío, por importe de 695.539,80 euros, solicitando o voto favorable para a aprobación deste acordo.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vaise abster nos puntos números 2 e 3 porque foi o equipo de goberno o que elaborou os presupostos, as propostas de participación no plan provincial ás obras e servizos de competencia municipal Pos+adicional 1/2021 da Deputación provincial da Coruña, ao igual que no Pos+adicional 1/2021 da Deputación provincial da Coruña para financiamento de gastos sociais extraordinarios e como xa dixo foi o equipo de goberno o que os elaborou sen contar para nada coa oposición; que seguramente os grupos da oposición poderían achegar algunha proposta pero dado que o equipo de goberno conta coa maioría para que vai a escoitar.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que respecto do plan de obras ao seu grupo lle gustaría poder apoiar a proposta pero unha vez máis ven que chega ao pleno con informes desfavorables porque asesoría xurídica di que se carece das autorizacións necesarias de Patrimonio e doutro organismo para o tema da rotonda e tamén para a polideportiva de Tarrío.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que non quere interromper ao Sr. Chouciño pero si aclarar que as bases do POS permiten presentar a proposta sen contar cos informes subsidiarios, polo que, sendo certo o que di o Sr. Chouciño sobre que faltan autorizacións necesarias, as bases do POS permiten que se presenten aínda que se conte só coas solicitudes de ditos informes polo que as bases non se incumpren.

Retoma a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que el non estaba a dicir que se incumpriren as bases do POS senón que levan informes desfavorables porque faltan as ditas autorizacións para facer as obras e iso supón un risco porque se se pretenden facer determinadas obras e a posteriori chegan denegadas as autorizacións solicitadas non se poderán executar ditas obras e estaríaase solicitando un financiamento para unha obra que non se puidera executar e levaría a un retraso que se evitaría se se solicitara financiamento para proxectos que tivesen todo en regra; que por este motivo o seu grupo vaise abster nese punto.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o acondicionamento do polideportivo descuberto de Pelamios, o acondicionamento do polideportivo Fonte da Balsa en Sagrada Familia, o acondicionamento do polideportivo descuberto da Corveira, de Peiro de Arriba, o parque de tobogáns e tirolinas na Corveira, a pista Parque Europa, a pista polideportiva de Ledoño, son algunhas das obras incluídas noutros POS, estando tamén pendente a recepción da urbanización da Ría, a recepción da cuberta das Brañas, a recepción da praza da igrexa de Vilaboa; que nos presupostos participativos do 2020 xa ía o acondicionamento e rehabilitación do pavillón de Tarrío e que o seu grupo está totalmente a favor de que o Concello reciba diñeiro para obras e para investimentos que se necesitan pero o que lle piden ao equipo de goberno é que todos os cartos que se reciben se traduzan en obras executadas e a poboación de Culleredo se poida ver favorecida con todo iso, anunciando que o seu voto será favorable pero coa condición de que por favor se faga algo con todas estas obras e con todos estes cartos.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que agradece as achegas e o sentido do seu voto.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 29 de xaneiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5) dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de data 29 de xaneiro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.- PROPOSTA SOBRE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADICIONAL 1/2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e un, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo na sesión extraordinaria de data un de febreiro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión vinte e sete de novembro de dos mil vinte, acordou a aprobación das bases reguladas do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2020). Xunto co POS+2021 regúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de **gastos sociais extraordinarios**.

A cantidade do POS+ADICIONAL 2021 asignada a este concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021 é de 287.391,20 €,

En base a todo o cal, propónse ao Pleno, a adopción do seguinte:

ACORDO:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2021**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios		287.391,2 €	
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	45.391,20 €	0	45.391,20 €
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	60.000,00 €	0	60.000,00 €
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	70.000,00 €	0	70.000,00 €
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	40.000,00 €	0	40.000,00 €

C.I.F. P-1503100-H

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnico dos servizos sociais.	30.000,00 €	0	30.000,00 €
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	42.000,00 €	0	42.000,00 €
T O T A L	287.391,20 €	0	287.391,20 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que en colación co punto anterior, o Plan único de concellos POS+2021 regúlase simultaneamente o POS+ADICIONAL 2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios; que a cantidade a dotar é de 287.391,20 euros e as partidas ás que iría destinado este financiamento de gasto social extraordinario serían, en resumo, as seguintes:

- Reforzo de persoal: 45.391,20 euros
- Axudas a colectivos en situación de vulnerabilidade: 60.000,00 euros
- Axudas ás familias para escolarización, con materiais diversos: 70.000,00 euros
- Axuda para a ampliación do servizo de axuda no fogar: 40.000,00 euros
- Axuda para adquisición de EPIs para persoal específico de servizos sociais: 30.000,00 euros
- Outros gastos imprescindibles e urxentes para a atención a persoas especialmente vulnerables: 42.000,00 euros.

Continúa a súa intervención a Sra. Pombo Carril e di que ao igual que no punto anterior, o seu grupo solicita o voto favorable para este punto.

De seguido solicita o uso a palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o voto do seu grupo neste punto será favorable pois todos os recursos que se poidan aportar neste momento para gasto social van ser poucos porque xa se está vendo como está sendo a situación e como afecta á economía dado que a pandemia estase descontrolando e quere facer tamén mención ao esforzo que está a facer a Deputación con este tipo de axudas, sendo un exemplo para outras administracións centrar o esforzo nestas cuestións e aproveitar para puntualizar que o seu grupo está a ter moitas queixas do funcionamento dos servizos sociais de Culleredo e indica que os recursos por si só non chegan pois é necesario administralos ben, executalos e atender as solicitudes en prazo.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que agradece o sentido do voto e que, dada a sensibilidade con que se tratan os temas sociais e o interese que vai ter a responsable de Benestar Social, seguro desexará coñecer en privado cales son esas queixas para tratar de mellorar o servizo pois a intención do equipo de goberno é atender todas as solicitudes en prazo pero a avalancha de necesidades que ocasionou a pandemia fai que en moitas ocasións o persoal que debe atender non sexa suficiente polo que intentarán coñecer máis ao detalle esas necesidades e así poder atendelas con máis celeridade.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 27 de xaneiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaseis (16), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido e Pérez Mosquera.

Votos en contra: ningún

Abstencións: tres (3) dos/as Sres./as: Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de data 27 de xaneiro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2021.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e un, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural, na sesión extraordinaria de data un de febreiro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“Unha vez redactado o Proxecto de Orzamento para o exercicio de 2021, que comprende os seguintes documentos:

1. Estado de ingresos, cun importe total de 24.926.735,14 €
2. Estado de gastos, cun importe total de 24.926.735,14 €
3. Memoria do Presidente
4. Informe económico relativo ás bases de cálculo empregadas
5. Anexo de persoal do Concello, que contén a
 - cadro de persoal
 - relación valorada dos postos de traballos
 - masa salarial persoal laboral
6. Anexo de inversións a realizar no exercicio
7. Estado da Débeda municipal
8. Bases de Execución do Orzamento
9. Liquidación do orzamento do exercicio de 2019 e avance da Liquidación do orzamento do exercicio de 2020.
10. Anexo con información relativa aos convenios suscritos coa Comunidade Autónoma en materia de gasto social
11. Anexo de beneficios en tributos locais

De acordo co disposto polo artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

A aprobación inicial do Orzamento do exercicio económico do 2021 así como das bases de execución, do cadro de persoal, masa salarial do persoal laboral e o resto de documentos anexos, que ten o seguinte resume:

C.I.F. P-1503100-H

Estado de ingresos			Estado de gastos		
Cap.	Descrición	Importe	Cap.	Descrición	Importe
1	Impostos directos	9.270.500,00 €	1	Gastos de Persoal	8.046.143,15 €
2	Impostos indirectos	1.400.000,00 €	2	Gastos en bens correntes e servizos	12.008.601,53 €
3	Taxas e outros ingresos	3.819.486,69 €	3	Gastos financeiros	1.000,00 €
4	Transferencias correntes	9.319.186,70 €	4	Transferencias correntes	1.667.950,00 €
5	Ingresos Patrimoniais	8.800,00 €			
6	Alleamento inversións	300.000,00 €			
7	Transferencias de capital	793.761,75 €	6	Inversións reais	3.187.040,46 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €	8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	1.000,00 €
Total		24.926.735,14 €	Total		24.926.735,14 €

De conformidade co sinalado no artigo 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a presente aprobación será unha aprobación inicial, trala que o Orzamento exporase ao público por quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O Orzamento do exercicio económico de 2021 considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións e entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista no apartado terceiro do artigo 169 do RDL 2/2004.”

Consta no expediente informe da Intervención municipal de data 27 de xaneiro de 2021 (código de documento UIT15I0010).

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 6/2021, de 29 de xaneiro de 2021 (código de documento USG15I00JY).

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Facenda, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno trae neste punto para a súa aprobación polo pleno o orzamento para o exercicio 2021 que este ano caracterízase, como non podería ser doutra forma, en que fai fincapé no gasto social para axudar aos veciños e ás veciñas de Culleredo a afrontar as situacións de emerxencia social xeradas polo coronavirus, na loita contra o covid e un plan de investimentos que recolle aqueles máis urxentes propostos pola veciñanza tanto de forma individual como colectivamente a través do Consello Xeral de Participación Cidadá, todo isto sen incorrer en endebedamento público nin subir os impostos, taxas e prezos públicos; que para o goberno municipal o máis importante neste momento é axudar aos veciños e ás veciñas de Culleredo a superar as consecuencias desta pandemia e para iso no proxecto que se presenta se recollen as seguintes cantidades:

- Sobre 5.200.000 euros adicados a servizos sociais, dos cales 600.000 euros son para prestacións económicas de emerxencia e inserción social (PEIS) e 1.500.000 para axuda a domicilio.
- Sobre 900.000 euros a fomento do emprego, dos cales 250.000 son para subvencionar o tecido empresarial, ao igual que se fixo no derradeiro exercicio, que resultou tan castigado polo coronavirus e que precisa de todo o apoio do goberno municipal.
- Unha partida de 72.000 euros adicados a gastos en subministros derivados do covid en previsión do que poida pasar, sen prexuízo de que poida ser aumentada ao longo do exercizo segundo vaian xurdindo as necesidades.
- 3.187.040,46 euros adícanse a investimento, cantidade coa que se poderá mellorar a seguridade viaria, os centros sociais, as instalacións deportivas, os parques, os xardíns, etc.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que o proxecto de orzamento que se presenta neste punto para a súa aprobación polo pleno é un presuposto equilibrado en ingresos e gastos por un importe de 24.926.735,14 euros respectivamente, sendo ditaminado favorablemente na correspondente comisión informativa e conta con toda a documentación necesaria e legalmente requirida, sendo confeccionado de acordo coa lexislación vixente e, tal como indica a interventora municipal no seu informe, cumpre cos obxectivos de débeda pública e co principio de estabilidade presupostaria, aclarando que o que vén de dicir é a título informativo pois este ano as regras fiscais están suspendidas.

En canto á previsión de ingresos, a Sra. Iglesias Becerra di o seguinte:

- Que suman a cantidade de 24.926.735,14 euros, cantidade calculada en base á liquidación do 2019 e ao avance da liquidación do 2020 e criterios técnicos emitidos á vista das mesmas, sendo sometida aos informes pertinentes sen que exista ningún informe negativo ao respecto; que os ingresos que se poidan producir a maiores contabilízanse normalmente no exercicio seguinte con incorporación de remanentes ou a través dunha modificación complementaria dos orzamentos.
- Que o presuposto finánciase integramente cos impostos directos e indirectos, taxas e transferencias correntes e de capital, ingresos patrimoniais e enaxenación de investimentos, non sendo necesario acudir a ningunha operación de endebedamento, tal como veu ocorrendo ao longo dos últimos exercicios.
- Que o equipo de goberno non é partidario de consignar futuros ingresos namentres non se concreten legalmente, xa que eses ingresos serían posibilidades e non realidades actualmente e esta prudencia coa que se actúa foi a que permitiu liquidar os exercicios precedentes con superávit.

En canto aos gastos, a Sra. concelleira delegada de Facenda di o seguinte:

- Que o capítulo de gastos trata de dar resposta ás necesidades máis urxentes en materia de investimento, e contén no capítulo de persoal os gastos necesarios para as previsións de persoal, e en gasto corrente as cantidades necesarias para facer fronte aos contratos dos diversos servizos municipais, ao mantemento dos servizos e dos edificios públicos.

- Que o capítulo I, de gastos de persoal, incrementábase un 0,9% respecto ao exercicio anterior, que é o previsto na Lei de presupostos do Estado, estando dotados o 100% dos postos da RPT con consignación presupostaria; que trata de dar resposta ás necesidades de persoal do Concello nas diversas áreas, dotándose as prazas vacantes que previsiblemente poidan ser cubertas de conformidade coa lexislación vixente e consígnanse os créditos necesarios para facer fronte ás retribucións do persoal municipal, tanto o persoal xa existente como o das prazas que están vacantes e que van ser cubertas ao longo do exercicio.
- Que en canto a gastos en bens correntes e de servizos contemplados no capítulo II, recolle a cantidade de 12.008.601,53, incrementándose nun 7% respecto ao do exercicio anterior, rexistrando este capítulo os incrementos necesarios para poder facer fronte ás necesidades dos distintos programas, seguindo coa política de contención dos gastos, e as partidas máis importantes continúan sendo as adicadas á dotación de créditos destinados ao financiamento dos servizos públicos básicos tal como mantemento de parques e xardíns, alumeado público, limpeza viaria e de edificios, servizo de abastecemento de auga, e ao benestar das persoas tanto a través dos servizos sociais como de fomento do emprego, sanidade, educación, cultura ou deporte.
- Que este orzamento debe permitir consolidar e mellorar os servizos públicos que se prestan desde o Concello aos cidadáns, debendo darse resposta ás demandas de servizos agora máis que nunca desde o público, destacando que o presuposto adica exclusivamente unha partida para gastos covid e pon como exemplo a partida de 72.000 euros adicada a EPIs.
- Que nos capítulos 3 e 9, relativos a gastos financeiros e pasivos financeiros, ou sexa, os intereses e as amortizacións de préstamos, quedan abertas as partidas cunha cantidade simbólica de 1.000 euros pois neste momento non hai débeda bancaria pendente polo que non se prevén gastos financeiros nin amortizacións.
- En canto ás transferencias correntes contempladas no capítulo 4, dótese a cantidade de 1.677.950 euros e ten por finalidade subvencionar ás entidades sen ánimo de lucro e ás prestacións económicas de emerxencia social, dotándose 600.000 euros para PEIS, así como os compromisos de achega adquiridos polo Concello co Plan de Transporte Metropolitano e co Consorcio das Mariñas; que se mantén o incremento realizado no exercicio anterior por mor da consignación realizada nas partidas de subvencións que teñen como finalidade facer fronte aos efectos derivados da emerxencia sanitaria provocada polo covid, e pon como exemplos subvencións para autónomos, empresas, comercios, etc., por importe de 250.000 euros, indicando que é previsible que esta partida ao longo do exercicio poida ser incrementada tal como sucedeu no pasado exercicio, en función das necesidades que xurdan porque a idea é que ningún dos solicitantes que cumpra cos requisitos quede sen a súa axuda, sendo moi importante que ningún hosteleiro ou outro tipo de comerciante teña que sufrir os efectos da pandemia sen recibir axuda por parte do Concello, ou axudas ás comunidades de veciños para que poidan investir en espazos privados de uso público, por importe de 75.000 euros, axuda que no pasado exercicio non se puido levar a cabo porque as comunidades non podían nin tan sequera facer asembleas, e subvencións de educación, que van dotadas con 99.000 euros sen prexuízo de que poidan incrementarse ao longo do exercicio.
- Que no capítulo 6, o capítulo de investimentos, contéplase unha cantidade de 3.187.040,46 euros, recollendo o proxecto de presuposto que se presenta neste punto as propostas de investimento feitas polos veciños que se consideraron máis urxentes, facendo especial fincapé no rural, investimentos que aparecen enumerados coa súa respectiva cantidade no anexo de investimentos, no que se recollen os seguintes:
 - Para rede viaria, 1.400.000 euros, contemplándose as seguintes obras:
 - Renovación da rúa Laxe
 - Ampliación e mellora do drenaxe e os pavimentos nas Naveiras, Outeiro de Abaixo e Silvar (en Sésamo)
 - Renovación da rúa Xesto, e os viais en Bregua, Celas, Castelo, Vinseira, Folgueira e outros camiños e vías municipais.

- Na zona urbana a renovación integral da integral da intersección da antiga N-550 coa rúa Alejandro Pérez Lugín, a rúa Senra e a avenida de Cordeda, xunto á praza da igrexa de Vilaboa, onde se construíra unha rotonda e se mellorará o entorno, obra financiada co POS.
- Dótanse partidas para a redacción de proxectos construtivos como para a mellora do entorno de Tierno Galván, para a mellora da seguridade vial na urbanización Monte Alfeirán e para conectar Castro Laxe coa zona sur de Vilaboa.
- Para a renovación da praza de Galicia, no orzamento que se presenta, recóllese unha cantidade de 246.632,93 euros que se poderá ver incrementada con incorporación de remanentes unha vez que se teña a cantidade total que resulte do proxecto que aínda non hai, sendo a cantidade que se consigna a fixada polo perito xudicial pois na sentenza non se recolle unha cantidade concreta.
- Para investimentos, é dicir, para novas adquisicións, e para reposición de elementos nos parques e xardíns de todo o Concello, dótase unha cantidade de 150.000 euros.
- Para equipamentos dótanse para o centro rural dinamizador de persoas maiores en Celas unha partida de 233.263,80 euros e para mellorar a Torre de Celas o o seu entorno 92.770,18 euros.
- En deportes di a Sra. Iglesias Becerra que vai unha dotación para a remodelación do campo de fútbol A Lavandeira e outra para mellorar en Vilaboa a pista multideporte do parque xunto ao colexio Sofía Casanova, que deixan ver a importancia que o deporte ten para o equipo de goberno como veñen demostrando xa nos derradeiros exercicios.
- Que o resto de partidas aparece perfectamente desglosado no anexo de investimentos.

C.I.F. P-1503100-H

Indica a Sra. Iglesias Becerra que, aínda que non forme parte neste momento do orzamento, hai que sinalar que os investimentos a executar neste exercicio van ser incrementados pola incorporación ao mesmo dos remanentes de crédito entre os que destacan os financiados a través da estratexia de desenvolvemento Culleredo Vivo e que servirán para executar, entre outros, os seguintes proxectos:

- Humanización da avenida de Vilaboa
- Mellora da seguridade vial en zona escolar.
- Reforma e ampliación do centro cívico e social de Sueiro
- Ampliación do centro cívico de Sésamo.
- Recuperación do camiño de Santiago na rúa Choeira e na rúa Catas en Almeiras.
- Mellora e adecuación no centro social de Celas.
- Reforma do semisótano do centro cívico de Fonteculler
- Construción de centros sociais nos Olivos, en Valle Sur, en Castelo e en Cabana.
- Ampliación do centro social de Orro
- Construción dunha senda peonil entre o Polígono de Alvedro e Vilaboa
- Paseo fluvial polo río Mero

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que isto irá a incorporación de remanentes e que hai outros proxectos que aínda non están executados que irán igualmente nesta incorporación de remanentes, destacando as obras financiadas coa Edusi pola súa importancia e cuantía; que os presupostos que presenta o equipo de goberno son uns presupostos cribles e prudentes, tanto en ingresos como en gastos: cribles porque nos derradeiros anos as liquidacións dos mesmos foron positivas, xerando novos remanentes de investimento, e prudentes porque nas derradeiras liquidacións os ingresos superaron os gastos en importantes contías; que todo o exposto vai permitir, grazas á suspensión das regras fiscais que rexen durante o presente exercicio, introducir no presuposto, ao longo do exercicio, outras inversións, tanto en arranxo de rúas como en conclusión da rede de saneamento, rexeneración urbana en distintas parroquias e mantementos e adquisición de terreos, entre outras.

A Sra. Iglesias Becerra di que coa aprobación destes orzamentos o equipo de goberno entende que se mellorarán substancialmente os servizos que se prestan aos cidadáns e como consecuencia a súa calidade de vida e que, xa para rematar, o goberno municipal quere agradecer o traballo feito polos traballadores/as do Concello e a todas as persoas que fixeron aportacións para estes orzamentos a súa colaboración e solicitar o voto favorable para os mesmos.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno trae neste punto unha proposta de aprobación inicial do orzamento do 2021 e que o papel pode con todo e os números cadran se se quere que cadren pero hai que executar e a sensación que teñen os veciños e veciñas de Culleredo é que ao Sr. Alcalde lle gustan os titulares pois anuncia nos medios de comunicación e nas redes sociais uns orzamentos de 24,9 millóns de euros e moitas das propostas que se presentan neste punto están presentadas con anterioridade noutros orzamentos, seguindo a esperar a súa execución os veciños e veciñas que, como cullerdenses, lles gustaría que tanto o Sr. Alcalde como o equipo de goberno se poñan a traballar dunha vez por todas pois nalgunhas parroquias seguen como hai dez anos, tanto en obras como en infraestruturas, servizos, etc, pedíndolle que escoite á oposición e sobre todo aos cidadáns de Culleredo pois o Concello debe desenvolverse día a día e plasmalo, non sacando titulares de prensa nas redes sociais e, xa que ten a maioría, que demostre tanto el como o seu equipo de goberno que o Concello de Culleredo pode estar ao nivel doutros concellos limítrofes.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que ten que dicir é que tarde, mal e a rastro outra vez pois este ano os orzamentos chegan ao pleno o 4 de febreiro, non merecendo felicitación pois, aínda que o ano pasado chegaron ao pleno no mes de xullo e acabaron aprobándose en outubro, o cal sería un cero nun exame de calquera alumno, este ano a nota correspondente sería un moi deficiente posto que os orzamentos deben estar aprobados a 31 de decembro do exercicio anterior, e non é só porque non vaian os fondos Edusi, contando xa con outra advertencia da interventora sobre que as previsións de ingresos son demasiado optimistas nos ingresos dos tributos, e así o veñen dicindo nos últimos anos e confirmando tamén cada ano nas liquidacións de cada orzamento os informes de Intervención, pero o equipo de goberno prefire facer un artificio e contar cun orzamento elevado e despois non se cortan en dicir que se trata duns orzamentos prudentes e así aparece na memoria da Alcaldía; que presentan uns orzamentos que minguan, baixando de 27,5 millóns a menos de 25 millóns de euros, un 10% menos, adicando case a metade do orzamento a gasto corrente, tal como lembra tamén a interventora no seu informe e que non se trata de que a dita funcionaria ou o BNG non queiran que se gaste en alumeadado público ou en reparación de pavimento ou en asistencia a domicilio ou limpeza viaria pero hai que lembrar que no 2019, na Conta xeral, se dicía que o equipo de goberno gastou un 68% do que se contratou á marxe dos procedementos legais, o que evidencia que ese descontrol nas formas leva a un descontrol no gasto e por iso a advertencia de agora sobre que sería deseable unha contención nese capítulo; que en relación co exposto, o BNG non atopa ningunha referencia a que o goberno municipal teña un plan, unha intención sequera, de eliminar todos os reparos que se ven cada mes, cre que este mes pasan de 500.000 euros sobre gastos que van á marxe dos procedementos de contratación, reparos que se poñen aos gastos sobre abastecemento de auga potable, limpeza viaria, xardiñería, etc, etc., sendo moi curioso que neste mes dáse conta dun gasto de 17.000 euros para contratar unha consultoría para definir o modelo de xestión

do servizo de abastecemento de auga potable, cando teñen redactados uns pregos de contratación desde hai anos polo que non entende por que non se poñen en marcha e agora se contrata para iso unha consultoría, gastando uns cartos públicos cando hai funcionarios para facer ese tipo de asesoramento.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o goberno municipal di que son uns orzamentos cribles e para o seu grupo non o son, pois repiten as mesmas partidas unha e outra vez no capítulo de investimentos, traendo as mesmas obras orzamentadas en anos anteriores, repetidas unha e outra vez como un éxito que se comunica pola prensa como grandes logros cando na realidade son un fracaso do que non dan feito malia ter o financiamento asegurado nos orzamentos ano tras ano; que a Sra. Iglesias Becerra comentou que unha parte vaise financiar con enaxenación de investimentos sen que se aclare de cales se trata e na comisión informativa falouse de que hai unhas concesións xa finalizadas, tanto a da Garrocha como o Centro Loxístico de Ledoño, sobre as que procede unha liquidación, e á pregunta se deberían figurar estes ingresos se lles contestou que eses non eran ingresos certos, polo que pregunta se unha enaxenación de bens é un ingreso certo; que no detalle de investimentos informa a señora interventora, tal como ten dito xa varias veces o BNG, que en ocasións a denominación do proxecto non está suficientemente especificada, remachando a señora secretaria que iso de ter partidas non xustificadas é causa de nulidade do orzamento, indicando no seu informe que a señora interventora municipal, no seu informe, di que a denominación do proxecto non está suficientemente especificada, citando unhas sentenzas de certa xurisprudencia para sacar a conclusión de posible nulidade do documento que hoxe se presenta; que o equipo de goberno fala de que haberá incorporacións de remanentes de crédito que permitirán o arranxo dos centros sociais, da reforma do sótano do centro social de Fonteculler, cuestións financiadas cos fondos Edusi, soándolle a campá ao equipo de goberno pois nos últimos días de decembro estábanse licitando cuestións que remataban o 31 de decembro, pois os fondos Edusi finalizaron nesta data e houbo 4 anos para executalos, facéndose nos últimos días do mes de decembro e anunciándose como proxectos novos cando son xa cuestións antigas, o que demostra unha ineficacia no traballo municipal; que analizando partidas concretas do anexo de investimentos pódese dicir o seguinte:

- 42.131,62 euros, a mesma cantidade que en 2020, e en 2019 o mesmo, para o PXOM, explicándolles hai uns días que era para pagar os servizos de redacción, un contrato moi explicado e debatido que non se sabe se está vixente ou está caducado, pensando o seu grupo que está caducado, e segue poñéndose unha cantidade como investimento e non como gasto corrente para pagarlle a unha empresa redactadora un servizo.
- Sobre as certificacións de final de obra, pregunta se esta é unha definición dun proxecto de investimento, cinco coa mesma descrición, pensando o Sr. Chouciño que isto non é unha descrición dun proxecto e indica que desta forma é normal que a secretaria e a interventora digan o que din, porque é o que din tamén todos os grupos.
- Os reparos deste mes pasan de 500.000 euros sen que se faga un plan de regularización dos servizos sen contrato; que o equipo de goberno non pretende aprobar uns orzamentos que servan de planificación para buscar a eficacia no emprego dos fondos públicos senón que buscan un saco de onde sacar os cartos a presas para o seu antollo e pagar agora isto e despois o outro, sen unha planificación como mínimo a medio prazo.
- Adquisición de terreos, tamén no anexo de investimentos, unha partida que foi tamén outros anos, e se ben é certo que baixou de 500.000 a 300.000 euros, non consta que se compraran terreos, pedindo explicación sobre cales foron os que se mercaron o pasado ano, cos 500.000 euros, e cales se pretenden mercar este ano cos 300.000.
- A reposición do abastecemento de auga, 50.000 euros, pregunta se isto non vai con cargo á empresa xestora da auga potable, preguntando que condicións se lle aplican pois non hai un contrato vixente.
- Investimentos en parques e xardíns xa dixeran o outro día que para repoñer elementos que finalizaron a súa vida útil cando moita xente lles envía fotos de mobiliario que se estropea polo uso ou mal uso algunhas veces e hai un contrato para mantemento destas cousas á que se lle paga unha cantidade importante polo que non entende por que hai que poñer cartos públicos para estas cuestións.

- O centro rural dinamizador das persoas maiores viña tamén no 2020 e tamén no 2019, dotándose con 233.263,80 euros.
- Adecuación da instalación de escenografía de Servicios Múltiples, 70.000 euros, para arranxar un salón de actos que se reformou hai 3 ou 4 anos polo que non parece que estivera moi ben previsto o que había que facer alí no seu momento cando xa agora hai que investir 70.000 euros en adecualo.
- Actuación na Torre de Celas, 92.000 euros, aprobándose hai 3 ou 4 anos con cargo ao 1,5% cultural das obras de Fomento, preguntando que pasou porque isto leva vindo xa varios anos, parecendo que cada ano se gastan todos os cartos destinados a investimento sen que se executen.
- Promoción cultural, inversión, reposición, asociado ao funcionamento dos servizos. Outras construcións, 92.000 euros.
- Campo de fútbol da Lavandeira, 180.000 euros, indo 620.000 euros nesta partida e outros 620.000 euros no 2019 sen que foran detalladas estas partidas, pero o goberno municipal xa falaba entón deste campo de fútbol, dando a entender por que non se queren identificar as partidas e son tan reacios a que se definan, intentando agochar a súa incapacidade porque os 25 millóns de euros anuais gástanse en cousas baleiras que non levan a consolidar un modelo de crecemento de infraestruturas e servizos, sendo practicamente nula a aportación do equipo de goberno ao desenvolvemento de Culleredo.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que os orzamentos que se presentan non son cribles e burlan a participación cidadá, lembrando outro ano máis como actúa o Sr. Alcalde no Consello de Participación, entregando un papeliño á entrada sen facilitarllo antes aos membros e sen ter facilitado a presentación de reclamacións veciñais na súa totalidade para que ese organismo poida deliberar e consultar coa xente á que representa porque é a obriga que teñen; que este ano nin tan sequera se reuniron os consellos sectoriais, reuníndose simplemente o Consello xeral para aprobar ese papeliño; que se pode verificar neste momento como a proposta que o goberno municipal presentou naquel momento non representaba o 25% do anexo de investimentos, tendo agora o dato para contrastalo, pois representaba tan so o 15%, e ao equipo de goberno se lle enchía a boca dicindo que levaban o 25% de investimento decidido pola cidadanía de forma participativa, sendo este ano o 15% e da forma que explicou, sen consenso para aprobalo; que ese 15% non so saiu na prensa e se dixo no pleno senón que está recollido nun regulamento e o regulamento municipal, no ámbito municipal, é lei e hai que cumprila; que os orzamentos que se presentan son tamén uns orzamentos con cuestións inexplicables pois xa falou antes da cuestión do pago que se vai facer para o PXOM e que o Sr. Alcalde dixo que aportaría un informe xurídico sobre a validez ou non do contrato e se está caducado ou non sen que se aportase pese a acordalo fai xa meses; que a liquidación da Garrocha leva ata tres informes de valoración, con anos de retraso; que en relación coa sentenza de liquidación do Centro Loxístico de Ledoño, cóntase na sesión coa acta da Xunta de Goberno na que se falou dela, cunha relación escueta sobre en que consiste, pero non se indican as implicacións económicas que ten a sentenza que o Concello non recurriu pero o demandante si, entendendo que aquí facía falta unha anotación sobre se corresponde imputar algunha implicación económica á que haxa que facer fronte durante o ano 2021 derivada da dita sentenza; que sobre a praza de Galicia a Sra. Iglesias Becerra dixo que o orzamento leva recollido todo o que determina alí e el di que non, que non o leva todo, que hai unha partida de 246.632,93 euros pero o que di a sentenza é que se suman varios conceptos de cuestións de taxación pericial, 125.080,73 máis 48.951,97 máis 197.925,02 que suman 371.000 euros e non 246.000 como pon o equipo de goberno, o que quere dicir que son 120.000 euros por debaixo aínda tratándose dunha sentenza, polo que non é válido o orzamento se non recolle todas as obrigas ás que ten que facer fronte o goberno municipal e, polo tanto, se non as recolle, non é válido o orzamento e que, por riba de todo isto, queda en cuestión a capacidade do equipo de goberno para executar este ou calquera outro orzamento.

Continúa coa súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que se viu na plataforma de contratación que o equipo de goberno suspendeu a licitación da reforma da avenida de Vilaboa, case un millón de euros de fondos Edusi que

16 de 72

remataron no 2020, e deberían aclarar se ese millón de euros é recuperable despois desa suspensión e aclarar tamén por que na plataforma de contratación non se puxo outro documento aclaratorio e simplemente se puxo que se suspendía a licitación por outro motivo, por unha cuestión recollida nos pregos de contratación, e deberían explicar isto; que respecto dos Edusi o equipo de goberno falou de cubrir as vías do tren no Burgo, de miradores no Xalo, de wifi nas parroquias e infinidade de cousas máis que o seu grupo non viu en ningunha das licitacións que se puxeron en marcha; que en coherencia con todo o que vén de expoñer, este orzamento non é válido e non se pode aprobar polo que o seu voto será en contra.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que no mes de setembro de 2020 aprobáronse os presupostos do pasado ano e pasaron cinco meses e tráense uns novos presupostos para o 2021 preguntando para que serviría a aprobación dos orzamentos do ano pasado e di que supón que para o mesmo para o que servirán os que se someten a aprobación neste punto pois vólvese a percibir que os presupostos para o Sr. Alcalde son un mero trámite e volve a quedar de manifesto a súa incapacidade á hora de definir en que quere transformar o Concello e en que quere que sexa referente Culleredo e como se vai conseguir; que se se entra na análise xeral dos orzamentos pódese concluir que os ingresos, con respecto aos exercicios anteriores, parecen demasiado optimistas pois nos anos anteriores executáronse ao redor de 21 millóns e non parece moi crible que este ano, aínda baixando a súa previsión de 27 millóns, se vaian ingresar os 25 que indican; que, respecto aos gastos, seguen sendo os capítulos 1, de persoal, e 2, de gasto corrente, aos que se destina a maior porcentaxe do orzamento, aumentando do 70% do ano pasado ao 80% este ano, subindo un 10% o gasto adicado a estes dous capítulos; que aquí é onde empezan a detectar os graves problemas, o primeiro no capítulo de persoal pois o ano pasado, xunto cos presupostos, aprobouse tamén unha modificación da RPT na que se manifestaba tanto polos grupos sindicais, como polo partido popular, como o mesmo alcalde recoñeceu no pleno e finalmente tamén na prensa, que dita RPT necesitaba unha modificación en profundidade, algo xa indicado nos informes de dona Pilar e dona Vanesa, sabendo o equipo de goberno que ten esa asignatura pendente pois hai persoal laboral realizando funcións reservadas a funcionarios públicos, hai determinados postos da RPT que non se consignan no presuposto, a cantidade destinada a complemento de produtividade e gratificacións mantéñense por debaixo do límite e non se poden asignar complementos de destino e específicos sen que haxa unha valoración obxectiva dos postos de traballo, indicando tanto a secretaria como a interventora que hai postos mal valorados atendendo á súa carga de traballo, dificultade técnica e responsabilidade, e lle di ao Sr. Alcalde que se necesita máis persoal nalgúns servizos, quedando de manifesto que a dotación que hai é insuficiente para un adecuado desenvolvemento dos servizos básicos e lle pide que convoque dunha vez os procesos selectivos das prazas vacantes e que os convoque ben pois xa viron que as ofertas de emprego correspondentes aos anos 2019 e 2020 contan con informes desfavorables de Intervención, da secretaria accidental e da secretaria xeral, non sendo este o único problema grave que ten o Concello pois no capítulo de gasto corrente a señora interventora aconsella reducir estes gastos e pregunta como se poderían reducir se se seguen ofrecendo á cidadanía servizos sen que exista contrato para elo, iso a pesar de que o sr. Alcalde comprometeuse diante de todos a sacar a concurso todos os contratos pendentes, e que se non recorda mal no 2018 comprometeuse a sacar vinte contratos, sacando so un fai un mes.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que hai unha asignatura pendente co contrato da auga, tantas veces solicitado e tantas veces prometido, limpeza viaria, parques e xardíns, recordando o que significa ter contratos para todos estes servizos de competencia municipal que é que o veciño paga menos por servizos mellores e o que significa non ter contrato é que o equipo de goberno beneficia a determinadas empresas en detrimento doutras; que nun pleno, falando deste tema, xa contou o que sucedeu en Carballo coa mesma empresa que subministra auga aquí en Culleredo pois en Carballo, cun contrato de auga coa mesma empresa que subministra a Culleredo, os veciños pagan menos polo metro cúbico de auga e a empresa comprometeuse a investir nas obras de reparación e mantemento tres millóns de euros; que ao contrato da auga se lle suman os contratos prorrogados tacitamente sen capacidade nin vontade política de aprobar e sacar a concurso os servizos municipais básicos; que nun Concello no

que cada vez hai unha porcentaxe maior a gastar e a contraer obrigas sen que existan partidas presupostarias e sen que existan procedementos de contratación que o legalicen, nunha situación na que se chega a acadar a cantidade de nove millóns de euros en reparos de Intervención porque non se axustaba á legalidade, pregunta que sentido ten debatir uns presupostos; que no capítulo de gastos pódese ver como nada do que aí aparece ten contrato, ademais da auga, a limpeza viaria, o mantemento de parques e xardíns, a axuda a domicilio, preguntando que confianza poden merecer estes orzamentos cando o equipo de goberno non é capaz de executalos no día a día e de dar cobertura aos servizos municipais que se están prestando neste momento de forma contraria á legalidade; que esta é a forma de reducir gastos, sacando a concurso os contratos pendentes, deixando de beneficiar a unhas empresas en detrimento doutras e conseguindo o mesmo que conseguen outros alcaldes como mellores prezos e máis investimentos polas empresas privadas que xestionan estes servizos públicos; que esta parálise estrutural na que se atopa Culleredo e esa falta de capacidade de execución dos orzamentos non se pode discutir porque os datos están aí, porque hai nove millóns de euros de remanente, de aforro, e lle di ao alcalde que aínda ha de pensar que pode sacar peito con isto cando a función do Concello non é nin aforrar nin endebedarse senón gastar o necesario para ofrecer o mellor aos cidadáns e pregunta, visto que son incapaces de executar o presuposto, de gastar todo o que se podería gastar, por que non pensan nunha baixada de impostos e de taxas, algo pedido xa en numerosas ocasións desde o partido popular, sendo inaudito que coa que está caendo a única ordenanza fiscal que se modificou sexa a de terrazas.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que desde o seu grupo pide que se reduza o IBI, o IVTM, o IAE e as taxas, e que debido aos efectos do covid na economía tanto das empresas como das familias desde o seu grupo presentáronse xa varias propostas nesta liña, comprobando agora que non se tiveron en conta, sendo tamén unha obriga solicitar que nos presupostos que inicialmente se pretenden aprobar na sesión se destine unha partida maior de axuda directa a pemes e autónomos, sendo vergonzoso que se dedique o dobre de diñeiro, 433.000 euros, a soldos do grupo de goberno, fronte aos 250.000 euros para todos os autónomos e pemes do Concello, traendo a colación a incapacidade do Concello que con maioría absoluta non é capaz de aprobar un plan xeral, cuxa aprobación suporía conseguir solo industrial a prezo competitivo que, xunto cunha baixada de impostos, podería facer competencia a Arteixo, a Laracha, a Carballo, e que non se instalaran nestas zonas todas as empresas senón que Culleredo fora tamén motor xerador de emprego na comarca para os mozos e mozas de Culleredo nestes tempos; que nestes presupostos se ve que segue sen existir unha clara política municipal de vivenda, sen que se faga nada nesta materia e achegando os mesmos datos que hai 25 anos, sen concretar bases dunha política municipal en materia de vivenda; que non existe unha política de axuda á pequena e mediana empresa, vendo 6.000 euros de transferencia ao comercio, turismo e pemes, sen unha política de axuda aos autónomos nin un ambicioso plan de formación municipal, non hai políticas de infancia, políticas destinadas aos maiores, á mellora da calidade de vida dos barrios, nin unha soa partida adicada a becas escolares, aquelas becas famosas para comedor, para estudos, para o conservatorio; que hai uns servizos sociais saturados; non hai concreción de partidas orientadas a unha auténtica política social orientada ás familias que van necesitar recursos económicos, non existen prioridades xerarquizadas senón simplemente a memoria da Alcaldía na consecución de obxectivos, vendose que aquí todo é improvisación.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que no capítulo 4, de transferencias correntes, o seu grupo solicita que se promovan subvencións de concurrencia competitiva tanto en educación como en cultura ou en deporte para que terceiros poidan acceder ás mesmas a través de procedementos de publicidade, obxectividade e igualdade, evitando así a arbitrariedade na concesión das mesmas; que neste punto o seu grupo quere tamén recoller as queixas das asociacións deportivas que transmitiron ao seu grupo que todavía non cobraron parte das subvencións do 2019; indica que no capítulo 6, de investimentos a realizar, o documento é de tipo continuista pois arrastra partidas desde fai varios anos, véndose de novo proxectos presupostados para anos anteriores que de novo aparecen no presuposto que se presenta, o que indica unha pura e dura inercia de inacción en proxectos iniciados en anos anteriores e unha vez máis a incapacidade do equipo de goberno, falto de ideas e dun proxecto global para Culleredo; que nos presupostos que se presentan non hai ambición, representando parches que van tapando

buratos e se ata o de agora non se levaron a cabo tampouco o van facer ao longo deste ano e pregunta a que se espera, se se agarda ao 2023, cando se esgote a lexislatura; que se destinan 400.000 euros para alcantarillado pero nada para saneamento, esquecendo unha vez máis o rural pois non recolle unha das demandas máis solicitadas; que os proxectos que se van executar na zona da Cross tamén se anunciaron varias veces na prensa e vese que ao final todo queda en nada e nin unha partida se adica a ditos terreos, seguindo á espera de resposta xa non dos resultados analíticos senón de se se analizaron ou non eses terreos pois a última vez que preguntaron esta cuestión o Sr. Alcalde descoñecía a resposta e pregunta neste momento se xa preguntou e se se fixo algunha análise; que respecto da praza de Galicia non coincide o que marca a sentenza coa partida que se destina nos orzamentos e os veciños preguntan que pasa e se houbo un novo requirimento para a súa execución, non entendendo a que se debe o retraso nesta obra; que outra cuestión que lles produce sorpresa é que non aparecen nos orzamentos que se presentan os famosos investimentos a cargo dos fondos Edusi, investimentos nomeados unha e outra vez en orzamentos, en orzamentos participativos e continuamente na prensa pero que nunca se chegan a executar e pregunta se por fin este ano vai ser o da súa execución e ata cando hai prazo para non perder os ditos fondos, pregunta que reiteradamente fixeron e fan desde o partido popular e sobre a que nunca obteñen resposta, e pregunta ao Sr. Alcalde se vai agardar tamén ao 2023; que o equipo de goberno nunca se puxo en contacto co seu grupo e indica que aínda que estean na oposición non lles faltan ideas nin ganas de traballar pero é de agradecer que a pesar diso nos orzamentos que se presentan aparezan recollidos algúns dos investimentos solicitados en mocións do partido popular aínda que tamén botan moitos en falta; que respecto dos orzamentos participativos o Sr. Alcalde un ano máis volveu a sorprender no Consello de participación cidadá pois un ano máis as persoas que alí estaban, tanto os membros da oposición como os representantes das asociacións, lle recriminaron o paripé que representan pois recibiron un presuposto pechado, indicando unhas obras que se ían realizar e que se tiñan que votar sen máis explicación e tanto os representantes das APAs como das asociacións veciñais lle dixeron que así non se podía facer, e pide seriedade e responsabilidade porque a Corporación municipal defende o interese xeral e os orzamentos que se presentan non están orientados ao interese xeral. Remata a súa intervención a Sra. García Gorostizu dicindo que por todo o exposto ao seu grupo lle resulta imposible apoiar os orzamentos que se presentan.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Facenda, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que para o goberno municipal o máis importante é a mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de Culleredo e que, con independencia de todo o que a oposición comentou, o presuposto son números que ao final se traducen en accións dirixidas á veciñanza e que as persoas son o máis importante e por iso no orzamento que se presenta destínanse partidas destinadas a prestacións económicas de emerxencia social, a axudar aos traballadores autónomos e a empresas para o mantemento da súa actividade, a apoiar ás mulleres vítimas de violencia de xénero, a axudar aos estudantes, a axudar ás asociacións e comunidades de veciños, a adquirir equipos de protección e hixiene, a investir en procesos de administración e información electrónica, a mellorar os centros sociais, as instalacións deportivas e os parques e xardíns; que con respecto ás intervencións feitas dille ao Sr. Mourelle Botana que el dixo que os orzamentos non se executan cando a realidade é que os presupostos si se executan e todos os anos traese ao pleno a liquidación dos mesmos, executándose en partidas importantes, en todo o que poden levar a cabo; que, dirixíndose ao Sr. Chouciño, trouxeron os orzamentos ao pleno o antes que puideron, sendo os ingresos nin demasiado optimistas nin demasiado pesimistas, adecuándose ás liquidacións dos orzamentos que houbo de anos anteriores, non inventándose os impostos directos senon que se basean nos padróns que existen; que sobre o que dixo que o orzamento mingua di que se se fan contas o orzamento non é que mingué senón que na realidade aumenta e aínda que pareza que a cifra é inferior que a do ano 2020 hai que ter en conta que no orzamento do 2020 ía incluída unha partida de catro millóns de euros para o Edusi, non recolléndose esta cantidade nos orzamentos do 2021 e minguando nunha cantidade moi inferior, exactamente un 9,7%, e no ano anterior minguara un 9,6% respecto do anterior, o que quere dicir que o orzamento do 2021, sen ter incluído o Edusi, baixou en aproximadamente 2.600.000 euros o que indica que o orzamento en realidade aumentou pois o Edusi, no ano 2020, representaba unha cantidade no orzamento de ao redor de catro millóns de euros.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que, con respecto ao manifestado sobre que se debería conter o gasto corrente, que este gasto é o necesario para afrontar as necesidades dos veciños e veciñas de Culleredo e deixar de ter gasto corrente significaría deixar de prestar servizos e lle pregunta ao Sr. Chouciño Garrido que servizos se poderían deixar de prestar ao cidadán para poder reducir o gasto corrente, debendo terse en contra tamén que cando se liquida o orzamento nunca se gasta máis do que se ten, o que indica prudencia polo que non se pode dicir que se gaste sen control nesa partida; que con respecto a que os orzamentos non son cribles, di que si que o son e que as liquidacións do orzamento así o demostran; que con respecto á enaxenación de investimentos a previsión do equipo de goberno é enaxenar un solar que hai na rúa Moncho Reboiras e que cando se leve a cabo o expediente de enaxenación se lles dará conta do terreo que se vai vender e do seu prezo exacto, estando xa feita unha valoración aproximada polos técnicos municipais; en canto ao reparo da señora interventora e da señora secretaria do que dixo que indican que en ocasións a denominación do proxecto non está suficientemente determinada di que no anexo de investimentos o informe da interventora, que é preceptivo e vinculante, di que o presuposto contén o contido mínimo exixible se ben algunhas denominacións non están suficientemente identificadas, e engade que todas as denominacións dos proxectos que se van executar están perfectamente identificadas e aínda que é certo que algunhas certificacións das referidas non teñen unha denominación concreta é porque se trata de proxectos de anos anteriores que están en execución pero todos os proxectos novos que aparecen no presuposto que se somete a aprobación están perfectamente especificados e, tal como di a interventora, que é a máxima autoridade para informar o presuposto, cuxo informe é vinculante e favorable, di que cumpre con todos os requisitos mínimos que exige a lei e engade que, aínda que este ano sexa só a nivel informativo, desde o punto de vista da estabilidade presupostaria, presenta capacidade de financiamento; que en canto á incorporación de remanentes de crédito dixo o Sr. Chouciño Garrido que trae cuestións que son financiadas con fondos Edusi e que se anuncian como proxectos novos cando a realidade é que nin se anuncian como proxectos novos nin se están metendo no orzamento do 2021 xa que se trouxeron no orzamento do 2020 e dado que son proxectos europeos de longa execución e longos trámites, execútanse ao longo do seguinte exercicio e tráense como incorporación de remanentes, tratándose de investimentos con financiación afectada, e dá agora esta resposta porque xa lle preguntaron por estes investimentos na anterior comisión informativa; que sobre o que dixo dos 42.000 euros que se dotaron para os servizos de redacción do PXOM di que se trata dunha cantidade que corresponde ao último pago comprometido do PXOM, independentemente de que o contrato estea caducado ou non, cuestión esta que está aínda sen resolver, o certo é que o contrato non está resolto e hai que financiar os servizos prestados polo que resulta imprescindible incluír esta cantidade no presuposto; que falou o voceiro do grupo político do BNG respecto da adquisición de terreos que non se especifica cales terreos son os que se van mercar ou se mercaron e informa de que se asinou un convenio e con cargo á incorporación de remanentes vaise financiar a adquisición duns terreos en Castro-Laxe con cargo ao orzamento do 2020, polo que non é obxecto de debate neste presuposto, e que o equipo de goberno considerou imprescindible adquirir varios terreos con cargo ao orzamento do 2021 porque pensan facer o centro social de Cabana e necesitan adquirir os terreos para iso e outro pequeno terreo en Castro-Laxe para facilitar o acceso, precisase adquirir un terreo para aparcamento en Costa da Lonxa e para estes e outros terreos que sexa necesario adquirir precisase dotar unha partida sendo posible que incluso haxa que incrementalá .

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que sobre o comentado dos investimentos en parques e xardíns, insistindo o Sr. Chouciño Garrido no contrato de mantemento, di que este contrato é para a reparación dos elementos xa existentes cando están deteriorados, é dicir, para pintar ou reparar a pata dun banco deteriorado, por exemplo, e que xa o comentou na súa intervención para evitar preguntas porque esta mesma dúbida xurdiu na comisión informativa, e a partida que vai no presuposto deste ano é para reposición e investimento, é dicir, para adquirir novos elementos para os parques e xardíns que evidentemente non poden ir con cargo ao contrato de mantemento, e para a reposición, é dicir, cando un banco, por exemplo, non se pode arranxar e hai que comprar outro; que con respecto ao centro rural dinamizador de persoas maiores di que é un dos investimentos acordados cos veciños e as veciñas de Celas e que pensan levar a cabo neste exercicio; que sobre a adecuación da escenografía de Múltiples, da que se dixo que se mete unha partida, é certo que hai unha obra feita recentemente

pero nela non se incluíu esa partida que vai agora para a mellora do escenario e da acústica porque é imprescindible ter un servizo de calidade para que cando os veciños e veciñas de Culleredo acudan ao teatro, poidan contar cun servizo de calidade; que sobre a actuación da Torre de Celas aclara que o 1,5% cultural é unha subvención que se solicitou nalgúns ocasións pero nunca foi concedida e agora inclúese no orzamento aínda que se volverá a solicitar e ese é o motivo polo que se inclúe tanto en gastos como en ingresos; que sobre os campos de fútbol di que van dotados 188.554 euros para cambiar o céspede do campo de fútbol da Lavandeira, no Burgo, e 42.300 euros para melloras nas pistas de fútbol que hai xunto ao colexio Sofía Casanova e responde ao que se dixo sobre que en anos anteriores se levaba unha partida superior dicindo que hai que darse conta de que o campo de fútbol de Tarrío irá con cargo a incorporación de remanentes, atopándose en contratación, sendo xa executado o campo de fútbol de Almeiras e, respecto do campo de fútbol do Portadego, di que se vai contratar un proxecto de execución do campo para estudar a súa viabilidade porque para o equipo de goberno é moi importante investir en instalacións deportivas porque consideran que é prioritario que os xóvenes poidan facer deporte nunhas condicións favorables.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que se os presupostos non foran cribles, tal como se dixo, non resultarían positivas as liquidacións e o ano pasado, sen ir máis lonxe, houbo un remanente duns 200.000 euros, axustándose moitísimo ao que era o presuposto; que sobre a participación cidadá di que é certo que non se reuniron os consellos sectoriais e só o xeral o fixo e que é de todos coñecida a situación de pandemia na que se está e que lle gustaría que o pleno se tivera celebrado telematicamente e espera que o próximo así se poida celebrar porque a situación está como está; que sobre o que dixo o Sr. Chouciño Garrido sobre que non representa o 25% dos investimentos di que non é así pois si que o representa porque para o cálculo desta cantidade os proxectos con financiación afectada non contan porque van con cargo a subvención; que sobre que a liquidación da Garrocha está sen facer di que efectivamente como está sen facer non se pode incluír o ingreso en tanto non se faga por prudencia porque dotar uns maiores ingresos levaría a dotar unhas partidas de gasto que de non producirse o correspondente ingreso levaría a un desequilibrio presupostario non desexable e o mesmo ten que dicir sobre a sentenza do Centro Loxístico de Transportes porque esta non é firme e o que vén a dicir é que hai que facer unha liquidación polo que, cando se faga, aboarase; que sobre a praza de Galicia, como xa dixo na súa intervención, a sentenza non determina cantidade algunha e os números dos que se falou sobre que sumaba a cantidade de 300.000 euros aclara que esta é a cantidade que puxo a parte demandante e que, con posterioridade, ao longo do procedemento, houbo unha pericial na que o perito xudicial valorou na cantidade consignada no orzamento a falta doutra cantidade máis exacta porque namentres non se tiña o proxecto non se pode incluír a cantidade exacta na que valorar esas obras e que, dado que o equipo de goberno ten un proxecto máis ambicioso que recolle unha mellora integral, sabe que a dita cantidade vai ser necesario incrementala con cargo a remanentes; que sobre o que dixo o voceiro do BNG sobre que se suspendeu a licitación da obra da avenida de Vilaboa di que tampouco forma parte do orzamento de 2021 pero xa que se fixo o comentario aclara que houbo un erro nunha cantidade dos pregos de licitación da Deputación e propiciou que se suspendera a licitación que será reanudada inmediatamente no momento en que se corrixa o erro que consistía nunha contradición respecto do persoal desempregado que tiña que contratar a empresa adjudicataria e non se pode seguir adiante sen solucionar dito conflito porque se a obra xa estivese adjudicada o perxuízo sería maior; que sobre que no Edusi non aparecen en ningunha das licitacións en marcha cousas que se anunciaron indica que no Edusi está todo o Edusi, e todo o que non se executou irá integramente a incorporación de remanentes.

Segue a súa intervención e di que, contestándolle á Sra. García Gorostizu, a dita concelleira falou na súa intervención de que o presuposto inclúe unha previsión de ingresos demasiado optimista e que a isto xa lle contestou na resposta que deu á intervención do Sr. Chouciño Garrido; que nos capítulos 1 e 2 se recolle a maior parte do gasto e que precisamente en gasto corrente é onde se están a pagar os servizos do Concello; que a Sra. García Gorostizu di que o persoal que hai é insuficiente tal como indican a Secretaría e a Interventora nos seus informes, estando o equipo de goberno totalmente de acordo pero que por lei non poden incrementar a taxa de reposición a pesar de estar convencidos de que esa necesidade de persoal existe, esperando poder levar a cabo as contratacións de persoal o antes posible pero que estas contratacións levan gasto polo que o que non procede é que por unha parte se diga que se gasta moito en persoal e por outra que hai que contratar máis persoal; sobre que a

RPT necesita unha modificación profunda e que os postos de traballo están mal valorados di que os postos de traballo xa foron valorados na RPT que actualmente está en vigor e que os recursos que se interpuxeron naquel momento foron todos desestimados, sabendo que actualmente é necesaria unha nova valoración e por iso vaise facer unha nova revisión da RPT, estando conveniado cos sindicatos facela; que xa están as OPEs dos anos 2018, 2019 e 2020 e traeranse os procesos selectivos; que en canto a gasto corrente di que lle digan que partidas se poden quitar para reducir o gasto; que acusan da existencia dun remanente de nove millóns e que ao mellor para a Sra. García Gorostizu iso é algo malo pero para o equipo de goberno nunca é malo ter uns gastos e que lle gustaría telos executado pero houbo momentos nos que non se puido porque do contrario incumpriárase algunha regra de gasto, sendo pretensión do equipo de goberno cumprir con todas as regras de gasto impostas por lei; que sobre se o equipo de goberno pensa nunha baixada de impostos e taxas, sábese que se trouxo ao pleno por parte do equipo de goberno a eliminación da taxa de terrazas para o exercicio 2021 e que efectivamente se poderían quitar todos os impostos e todas as taxas pero pregunta neste caso como se pode financiar o orzamento porque o equipo de goberno non acude ao endebedamento polo que é necesario contar con taxas e impostos porque así é como se financian as administracións públicas; que lle piden que se incrementen as axudas a pemes e autónomos cando ela na súa intervención xa dixo que a partida dotada para estas axudas incrementárase o necesario para que ningunha peme ou autónomo que cumprira os requisitos quede sen a súa axuda; que se dixo que non hai unha partida para becas escolares cando o certo e que si hai unha partida dotada con 99.000 euros para educación; que o que máis lle sorprendeu é que soliciten que se promovan procedementos de subvencións a asociacións de concurrencia competitiva e non “a dedo” e indica que os únicos procedementos de subvencións a asociacións que ten o Concello de Culleredo son de concurrencia competitiva pois no orzamento non hai subvencións nominativas, nin este ano nin no anterior, e sobre que non se cobraron aínda as subvencións concedidas no 2019 di que actualmente todas están xa resoltas.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa coa súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que sobre o que se dixo de que non existen partidas para saneamento indica que xa dixo na súa intervención que para o equipo de goberno o saneamento é prioritario e por iso van dotar unha importante partida para poder incrementar cunha modificación do orzamento e cunha incorporación de remanentes o importe dedicado a saneamento, ao igual que ocorre coa Cross; que a resposta sobre a praza da Galicia xa a deu na explicación á intervención do Sr. Chouciño Garrido; que se dixo que non aparecen no orzamento do 2021 investimentos para os fondos Edusi e indica que xa dixo que van con cargo a incorporación de remanentes porque non se poden meter neste orzamento e que o prazo para que todos os investimentos dos fondos Edusi sexan levados a cabo remata no 2022, agardando que dito prazo sexa incrementado; que a Sra. García Gorostizu dixo na súa intervención que o equipo de goberno non chamou para nada aos membros do seu grupo e que teñen ganas de traballar e que se recolleron ideas súas no orzamento cando o que sucede é que as ideas que se recolleron por parte do equipo de goberno son as que achegaron veciños e veciñas do Concello de Culleredo porque ao igual que o grupo político popular, do que non dubida que estea en contacto coa veciñanza, o grupo do goberno municipal tamén o está e procura facer un orzamento que mellore a calidade de vida dos veciños e veciñas do municipio e todas as propostas son ben vidas, sen que en ningún momento os grupos da oposición amosaran ningún interés en achegar ningunha proposta a pesar de ter oportunidade de facelo cando se comezou a falar do presuposto, sendo a idea inicial do equipo de goberno tralo ao pleno xa no mes de decembro pero ningún dos membros da oposición manifestou interés por sentarse a falar do proxecto de presuposto para achegar ideas e facelo conxuntamente sendo nula a aportación e véndose unicamente nos últimos exercicios que non teñen ningún interés en defender uns presupostos que melloren a calidade de vida dos cidadáns senón que, polo contrario, os alentan a recurrir contra os mesmos unha vez aprobados inicialmente e non coa finalidade de melloralos senón simplemente coa intención de retrasalos o máximo posible para que non entren en vigor.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde –presidente e di que se abre unha segunda quenda de intervencións.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lle gustaría comezar polo final, pola última intervención da Sra. Marta Iglesias que dixo que desde

C.I.F. P-1503100-H

a oposición non se fixeron propostas e que as únicas ideas que se recollen son as dos veciños e que se entorpece a labor do goberno invitando aos veciños a alegar o orzamento e di que as alegacións ao orzamento son un dereito recollido por lei, é un dereito veciñal e de todo o mundo a dicir "non me sinto representado nese orzamento, as necesidades do meu rueiro ou as necesidades da miña parroquia non están recollidas no orzamento", e iso enlaza co anterior pois se hai un sistema supostamente para poñer en marcha un orzamento participativo e funcionara e se o equipo de goberno non fixera o paripé que lle están dicindo os grupos da oposición, se houbera consenso, se houbera unanimidade no Consello de Participación Cidadá para a aprobación do orzamento participativo, que leva o 15 e non o 25% pois non sabe de onde sacou a concelleira delegada de Facenda iso de que a financiación afectada non conta porque iso non é o que lle contan aos veciños, e que o equipo de goberno achegue o retraso do orzamento, despois de que o ano pasado trouxeran o orzamento no mes de xullo e que este ano veña no mes de febreiro e que lle boten a culpa aos veciños do retraso do orzamento vai moito máis alá da demagogia e é inaceptable; que si que é certo que o seu grupo informa aos veciños do seu dereito a alegar e dicir que non se recollen as necesidades da súa parroquia, do seu rueiro, da súa rúa, nese orzamento, e precisan unha explicación, que lle digan por que e poder pedir que se inclúa o que necesitan, e polo grave que lle parece é polo que quixo comezar polo final, porque non son as ideas dos veciños as que se recollen, non se facilitaron aos membros do Consello xeral de participación cidadá, aos representantes escollidos polos membros dos Consellos de participación sectorial, toda a lista das propostas para escoller e deliberar, porque así é como o recolle o regulamento, e escoller e deliberar é escoller entre varias e non que o equipo de goberno traia xa a súa proposta e diga que teñen que aprobara ou do contrario irán dicindo por aí que non queren que se faga o que propoñen; que os veciños son perfectamente comprensivos e entenden se se lles explica que os recursos son limitados e susceptibles de usos alternativos, como di o principio económico, e isto non poderá ir este ano pero poderá ir o ano que vén, pero todo isto hai que plasmalo, hai que deliberalo, cos representantes, e non o que fai habitualmente o equipo de goberno; que resulta demagógico que se dixera que a oposición se queixa do excesivo gasto corrente e se lle pida que diga que servizos se queren quitar porque xa se lle explicou perfectamente e do que se trata non é de que non haxa saneamento ou alumeadado público, ou parques ou xardíns, senón que do que se trata é de que non haxa, como houbo no exercicio 2019, un 68% do gasto corrente á marxe dos procedementos de contratación, batendo récords, o que quere dicir que cando chega unha factura, ao analízala a interventora e a secretaria, din que dita factura non se corresponde con ningún contrato licitado conforme á lei e fan un reparo e o goberno municipal, de forma mecánica, totalmente interiorizada, o que fan é levantar o reparo, facendo referencia á doutrina do enriquecemento inxusto, e que a lei fíxose así porque se se licitan as cousas por concurrencia competitiva e se someten a licitación, iso implica, xa demostrado e recollido pola lei, que isto abarata os custos e pon como exemplo que se hai 1.400.000 euros para xardiñería e se somete a licitación presentaríanse varias empresas que por concurrencia dirán se o poden facer máis barato, ou facelo mellor, ou ofrecer algo a maiores porque a empresa ten unhas condicións que o fan posible, resultando que a concurrencia competitiva mellora os servizos, proporciona máis utilidades e abarata os custos, e que isto é o que lle veñen dicindo constantemente os membros do grupo político do BNG e o que entende quere dicir a interventora cando informa que sería de desexar conter ese capítulo de gasto.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a modificación se está a facer e que isto o leva escoitando desde o 2015, sen que se diga nada en concreto, nin datas nin en que estado se atopa, simplemente que se está a facer, falando de limitacións pola taxa de reposición e advirte de que van caducar as OPEs que o goberno municipal ten en marcha, indicando a Sra. concelleira que están convocadas cando non é así pois ao seu grupo non lle consta, agradecendo corrección se non fora así, e que é certo que hai restricións para convocar prazas pero as poucas que se poden convocar non se convocan; que sobre a suspensión da obra de Vilaboa díxose que era por mor dun erro nos pregos e que el mirou esta noite na plataforma de contratación e indícase como motivo un erro nun prego cre recordar que de cláusulas administrativas particulares sen que se explique nada máis polo que roga que a explicación que se deu sobre isto se suba á dita plataforma para que o poida ver quen queira; que sobre que a praza de Galicia vai imposta por taxación pericial e el fixo a exposición do que pon a sentenza e pode estar aberto a unha reinterpretación que el non entenda pero o argumento da Sra. Marta Iglesias é moi pouco convincente para que sexa así; que dita concelleira dixo que a sentenza do Centro Loxístico non é firme e é certo pero tamén é certo que o

